

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.1.1. Normas e acordos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 11 de abril de 2014, polo que se modifica o ficheiro correspondente a 'seguridade e vixilancia' do anexo das Normas para a regulación e protección dos datos de carácter persoal existentes no Parlamento de Galicia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 26 de novembro de 2007 creáronse diversos ficheiros relativos ao rexistro de deputadas e deputados, xestión e rexistro de persoal, rexistro de entrada e saída, de visitas e control de accesos, correo electrónico, xestión de cursos, datos económico-financeiros, xestión da contratación, provedores, usuarios de biblioteca e documentación, protocolo e subscritores do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e do *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*.

Posteriormente, con data do 22 de febreiro de 2010 a Mesa acordou a creación do ficheiro da xestión de procedementos parlamentarios e con data do 1 de marzo de 2011 creou un denominado 'seguridade e videovixilancia'. E por acordo do 21 de marzo de 2012 procedeuse á actualización e revisión de todos os arquivos con datos de carácter persoal e aprobouse, en consecuencia, un texto refundido das anteriores normas (BOPG núm. 668, do 29 de marzo de 2012). Neste momento cómpre realizar unha nova revisión e actualización que afecta o arquivo de seguridade e videovixilancia.

No artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só se poderá facer por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente. No seu punto segundo establece as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

O artigo 54 do Regulamento polo que se desenvolve a citada lei, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, establece o contido mínimo dos ficheiros.

Na súa virtude, a Mesa, conforme o disposto na Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e ao abeiro da competencia atribuída no artigo 22.a) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 633, do 24 de outubro de 2008), dispón:

Artigo único. Modificación do ficheiro correspondente a 'seguridade e vixilancia' do anexo das Normas para a regulación e protección dos datos de carácter persoal existentes no Parlamento de Galicia

Modifícase o ficheiro correspondente a 'seguridade e vixilancia' do anexo das Normas para a regulación e protección dos datos de carácter persoal existentes no Parlamento de Galicia nos termos seguintes:

Denominación do ficheiro	Seguridade e videovixilancia
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Captación de imaxes a través dos sistemas de videovixilancia para garantir a seguridade das instalacións e de persoas do Parlamento de Galicia, e control de réxime interior.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Todos os que accedan ás instalacións do Parlamento de Galicia.
Procedemento de recollida de datos	Captación de imaxes mediante cámaras
Procedencia dos datos	Propio interesado
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Imaxes
Sistema de tratamento	Automatizado
Comunicacións ou cesións de datos	Forzas e corpos de seguridade e órganos xudiciais, así como aquelas de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de lei
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia Hórreo, 63 Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia Gabinete da Presidencia
Nivel do ficheiro	Básico

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2014
Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 11 de abril de 2014, polo que se inicia o procedemento e se aproban os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, para a subministración de enerxía eléctrica ao Parlamento de Galicia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 11 de abril de 2014 iniciouse a tramitación da contratación administrativa, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, para a subministración de enerxía eléctrica ao Parlamento de Galicia.

Nesa mesma data a Mesa da Cámara aprobou os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen o procedemento e que se insiren a continuación.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2014
Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º

Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación administrativa para a subministración de enerxía eléctrica ao Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada